

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 20 de agosto de 2004.-

O berro

Levo bastante tempo facéndome acompañar por un caderno no que vou anotando todo aquilo que por algunha razón me resulta atractivo. Afíxenme á súa presenza constante a carón de min e cando por algún motivo queda esquecido na casa, axiña me decato da súa ausencia. Moitas anotacións escritas nas páxinas dos diferentes cadernos que fun enchendo foron ideas que deron lugar a algunha historia de ficción.

Un caderno no estante dunha papelería non é outra cousa que un facho de follas cosidas que aínda non teñen nada que dicir. Mais logo de saír á rúa, pouquiño a pouco, cunha velocidade case paralela ao máis lento pasar do tempo, a brancura inmaculada do papel orixinal comeza a encherse de anotacións variadas: citas do libro que estea a ler no momento, recortes de prensa con noticias capaces de espertar o meu interese, imaxes atopadas en revistas ou baixadas de Internet... O pasado dezaioito de agosto engadín a fotografía dun policía palestino levando no colo o cadáver de Khaled al-Osta, un meniño de apenas nove anos, morto por disparos do exército israelí. Atopeina nun xornal e impresionoume tanto que corrín a recortala para pegala nunha folla do caderno na que tamén acabaría escribindo un poema que titulei "*Un neno en Nablús*". Foi o meu xeito de botar para fóra unha rabia imposible de conter.

As facianas das catro persoas presentes na escena (dous policías e dous homes máis) retratan a mesma atmosfera de consternación e de impotencia que reflicten os personaxes que aparecen nos cadros de Caravaggio, o pintor dos santos

que choran en “*A morte da Virxe*”, ou no “*Martirio de San Mateu*”. E o meniño morto coa cabeciña botada cara atrás, a boca aberta, a respiración para sempre conxelada no tempo, medio tapado cunha tea que lle deixa o torso ao descuberto, non pode máis que inspirar os mesmos sentimentos que probablemente querían transmitir os grandes mestres do Barroco cando pintaban as escenas de flaxelacións, martirios e descendementos que tan famosos os fixeron.

A fotografía daba ganas de botarse a gritar de pura rabia, de lanzar un berro forte e seco, que fixese un eco interminable por todos os recunchos do ceo mesmo, un berro irreprimible coma o que captou Edvard Munch, o mestre do expresionismo, no seu retrato do home envolto nun labirinto de angustia, de dor e de medo.

Outra das anotacións recollidas no meu caderno recobrou actualidade cando a traveso da radio do coche souben do roubo da obra no Museo da cidade de Oslo que leva o nome do pintor. Trátase da seguinte cita, atopada no libro “*Un tranvía cara SP*”, do escritor vasco Unai Elorriaga: “*Porque ata un neno de tres anos sabe o importante que é o patrimonio cultural; por iso, un neno de tres anos nunca deixaría manosear a ninguén as cascudas que fai con plastilina verde e con plastilina amarela. Por iso e porque non lle pagan 4000 millóns*”. Velaí está a autenticidade da arte no seu estado máis puro. Non quero debater sobre a cantidade de euros que poden valer ou non os cadros roubados de Edvard Munch. A miña reflexión vai máis ben dirixida ao triste feito de que sempre acontece que as pezas máis caras que andan nos museos e no mercado da arte son obra de artistas que non nadaron precisamente na abundancia, o caso de Van Gogh, por exemplo.

Munch levou unha vida ruín onde as haxa, sempre camiñando polos bordos da delgada liña que separa a tolemia da cordura, unha existencia de angustia e

depresión que arrincou coa morte de súa nai cando apenas contaba cinco anos de idade, seguida da enfermidade e o posterior pasamento de súa irmá cando o pintor tiña quince, dous feitos que marcaron para sempre a súa vida e maila súa obra. Son moitos os retratos que pintou da nena enferma e as escenas de xentes enloitadas chorando en velorios ao pé dun cadaleito. Separación, melancolía, angustia, desesperanza... Edvard Munch nunca foi quen de atopar acougo, así que un día á hora do solpor, observando como as nubes ían tinguíndose da cor vermella do sangue chegou a sentir “*o berro vasto e infindo da natureza*” e acabou pintando a imaxe dese suxeito con rostro de momia do Perú que berra mentres coas mans agarra a cabeza.

En palabras do crítico Peter Schjeldhal “*O berro pode que sexa o cadro máis definitivo sobre a histeria de todos os tempos (...) O ceo vermello sangue, as liñas ondulantes e disparadas, o detalle informativo das dúas figuras que se afastan camiñando (...) son contundentes coma marteladas*”

¿Que quererá dicirnos esa figura desesperada que non deixa de berrar?

¿Será a mesma angustia que podían estar a sentir aqueles catro homes que arrodeaban o cadáver do pequeno Khaled al-Osta en Nablús?

A imaxe do meniño morto trouxo á miña mente as pinturas de Caravaggio, pero estou convencido de que a traveso dos seus oliños pechados para sempre, e dende o máis fondo da súa boquiña aberta e sen alento, a pouco que nos fixemos, podemos acabar escoitando “*o berro vasto e infindo da natureza*”.